

## BASES QUE REXERÁN A PARTICIPACIÓN DE GRUPOS DE TEATRO NA MOSTRA DE TEATRO CIDADE DE LUGO DESTE ANO 2010.

Este ano a Mostra Teatro Cidade de Lugo chega á súa 8ª edición. Programarémola para tres fins de semana seguidas, de fins de maio e comezos de xuño.

As actuacións infantís serán os sábados pola mañá.

### **Para poder participar:**

É imprescindible ser asociación cultural sen ánimo de lucro inscrita no rexistro municipal do Concello de Lugo.

No caso dos profesionais, deberán ter a súa sede na cidade de Lugo.

É imprescindible acreditar o labor teatral que o grupo estivo facendo na cidade de Lugo de maneira permanente estes dous últimos anos. Como actividade permanente entendense o feito de facer taller de formación durante o ano, a montaxe teatral debe ensaiarse na localidade de Lugo, así como outras actividades de promoción do teatro na cidade. Terá que acompañarse memoria das actividades realizadas

A obra que se presenta ten que ser estrea en Lugo.

As compañías profesionas han de ter igualmente a súa sede en Lugo e exisiráselles os mesmos requisitos de actividade permanente na cidade nos últimos dous anos.

No caso de compañías de nova creación, terase en conta para este cómputo o seu labor anterior no campo afeccionado na propia cidade.

O **prazo límite de inscrición** será o **6 de abril**, debendo presentar por escrito e en formato Word (Times New Roman 12), así como en formato dixital (CD) os seguintes datos:

- Nome do grupo
- Breve historial do grupo para a elaboración dun programa de man (15 liñas)
- Historial amplo do grupo, para o dossier de prensa
- Título da peza
- Breve sinopse (15 liñas)

- Duración da peza aprox.
- Idioma debe ser en galego
- Autor da obra - Breve biografía
- Espazo escénico
- Raider
- 4 Fotos do grupo en formato jpg
- Preferencias de datas
- Xestión de dereitos de autor e certificado de autorización de poder realizar esa obra, así como se ten custos ou non de dereitos de autor

(A organización poderá requirir dos participantes información a maiores).

**Condicións da participación dos grupos:**

- Presentar o requirido en tempo e forma.
- Ante calquera imprevisto comunicar inmediatamente á produción da Mostra.
- A entrada no Auditorio Gustavo Freire será ás 11:00 horas ata as 14:00 e de 16:00 en adiante para os grupos de teatro adulto. No caso das infantís, montarase o día anterior, unha vez finalizada a sesión adulta.
- Lugar de entrega da documentación: a través do **registro do Concello** dirixíndoo á Concellería de Cultura e Turismo.